



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

##### Anuncio

Conforme ao artigo 23.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o Pleno da Deputación de Lugo delegou o establecemento e/ou modificación do custo de referencia da Ordenanza reguladora dos prezos públicos na Xunta de Goberno desta entidade provincial. Así, en sesión ordinaria realizada o 19.06.2026 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, vista a memoria económico-financeira para a aprobación da ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial dos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo elevada ao Pleno, deu aprobación ao custo de referencia do servizo de atención residencial (Crs) dos centros de atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo diferenciado por modalidade, quedando establecidos en 2.200,00 € (dous mil douscentos euros) para persoas valoradas como dependentes e 1.750,00 € (mil setecentos cincuenta euros) para persoas valoradas como autónomas. Estes importes serán actualizados anualmente, conforme ao establecido na Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros de atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo.

Lugo, 19 de xuño de 2026.- A presidenta, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1673

### CONCELLOS

#### CHANTADA

##### Anuncio

Finalizado o proceso selectivo convocado polo sistema de concurso oposición para o ingreso na praza de persoal laboral fixo do Concello de Chantada incluída na oferta de emprego público do ano 2024, aprobada por Resolución da Alcaldía 2024-0650 de data 12/07/2024 e publicada no Boletín Oficial da Provinda de Lugo nº 164 do 16/07/2024, por resolución da alcaldía de data 25 de xuño de 2026 resolveuse nomear como persoal laboral fixo ao candidato proposto polo tribunal que se relaciona:

APELIDOS E NOME	NIF	PRAZA	GRUPO	CODIGO
GARCÍA EIRIZ, FRANCISCO JOSÉ	***711***	TÉCNICO DEPORTIVO	III	6116

Chantada, 25 de xuño de 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1717

### LUGO

##### Anuncio

#### CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS.

Expte. Tecol: 2026/G004/000147

##### 1. ANTECEDENTES DE FEITO

Visto acordo da Xunta de Goberno Local 17/17 adoptado na sesión ordinaria celebrada en data 13-1-2021 de APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA AUXILIARES ADMINISTRATIVOS E ADMINISTRATIVOS.

Visto acordo 9/302 da Xunta De Goberno Local do 1-6-2022 de MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA AUXILIARES ADMINISTRATIVOS E ADMINISTRATIVOS.

Visto acordo 4/9 da Xunta De Goberno Local do 11-1-2023 MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA AUXILIARES ADMINISTRATIVOS E ADMINISTRATIVOS.

Visto acordo 20/716 da XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2022, RESOLUCIÓN DE ESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO FRONTE AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO 8/217 DENEGACIÓN RECTIFICACIÓN DE ERROS NO ACORDO NÚMERO 9/223, DO 10/06/2020, DE ASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO POSTO TRABALLO AUXILIAR ADMINISTRATIVA NO SERVIZO DE PERSOAL CÓDIGO 06/32/1.

Visto acordo 21/717 da XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2022 ESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO FRONTE AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO 8/217 DENEGACIÓN RECTIFICACIÓN DE ERROS NO ACORDO NÚMERO 9/223 DO 10/06/2020 DE ASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO POSTO TRABALLO AUXILIAR ADMINISTRATIVA NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE CÓDIGO 25/32/1.

Visto acordo 5/738 XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2022 CORRECCIÓN ERROS SOLICITADO POR UN FUNCIONARIO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO NÚMERO 9/223 DO 10/06/2020 DE ASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO POSTO TRABALLO AUXILIAR ADMINISTRATIVO NA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIONS CÓDIGO 12/32/2.

Visto acordo 23/719 XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2022 23/719 CORRECCIÓN DE ERROS SOLICITADO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO NÚMERO 9/223, DO 10/06/2020, DE ASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO POSTO DE TRABALLO AUXILIAR ADMINISTRATIVA NO SERVIZO DE PERSOAL CON CÓDIGO 06/32/2.

Visto acordo 24/720 CORRECCIÓN DE ERRO SOLICITADO NOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO 17/17 DE APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA AUXILIARES ADMINISTRATIVOS E ADMINISTRATIVOS E NÚMERO 9/223, DO 10/06/2020, DE ASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO POSTO TRABALLO DE ADMINISTRATIVA NO SERVIZO DE LICENZAS CÓDIGO 22/20/01.

Visto acordo 26/722 XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2022 CORRECCIÓN ERROS SOLICITADO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO NÚMERO 9/223 DO 10/06/2020 DE ASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO POSTO TRABALLO AUXILIAR ADMINISTRATIVA NA INTERVENCIÓN XERAL CÓDIGO 61/32/2.

Visto acordo 6/739 XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2022 CORRECCIÓN ERROS SOLICITADO POR UNHA FUNCIONARIA NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO NÚMERO 9/223 DO 10/06/2020 DE ASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO POSTO TRABALLO AUXILIAR ADMINISTRATIVA NO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL CÓDIGO 4101/32/3.

Visto acordo 28/724 XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-11-2022 CORRECCIÓN ERROS SOLICITADO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO NÚMERO 9/223 DO 10/06/2020 DE ASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE AO POSTO TRABALLO AUXILIAR ADMINISTRATIVA NO NEGOCIADO DE ESTATÍSTICA SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ CÓDIGO 720102/32/2.

Visto informe proposta da Dirección xeral de Recursos humanos, conformada pola Tenenta de alcalde delegada da Área de xestión integral de recursos internos, de data 25 de marzo de 2026, de listado de postos a ofertar e integrantes da comisión de baremación.

Vista solicitude de subsanación realizado polo Servizo de Personal da proposta realizada e vista novo informe proposta da Dirección xeral de Recursos humanos no que se modifica a mesma. Vista a nova proposta, realízase de oficio por parte do Servizo de Persoal modificación do códigos de traballador/a ofertados no Servizo de Estatística ao advertir erro numérico na codificación dos mesmos.

## 2. FUNDAMENTOS DE DEREITO.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece no seu artigo 78 que:

*“1. As Administracións Públicas proverán os postos de traballo mediante procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*2. A provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.”*

No mesmo senso, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia establece no seu artigo 88.1 que *“Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira proveranse de forma ordinaria polo procedemento de concurso, ordinario ou específico, ou de libre designación con convocatoria pública, de acordo con o que figure na relación de postos de traballo e con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.”*

Corresponde á Relación de Postos de Traballo determinar o sistema de provisión en función das características de cada posto.

Na provisión de postos de traballo prevese o concurso como sistema normal de provisión, no que se terán unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria, entre os que figurarán os axeitados ás características de cada posto de traballo, así como a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido, os cursos de formación e perfeccionamento superados e a antigüidade.

Téndose aprobada a Relación de Postos de Traballo do Excmo. Concello de Lugo por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión extraordinaria celebrada en data 27 de maio de 2020, publicado no BOP de Lugo nº 122 do 29 de maio e con efectos dende o 1 de xuño de 2020 e corrección do anuncio publicado no BOP de Lugo nº 129, do 6 de xuño de 2020, conséntase desde o Servizo de Persoal a existencia dos postos referenciados no Anexo I.

De acordo co disposto no artigo 90 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, así como, no artigo 39 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, propónse para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Convocar o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para auxiliares administrativos/as que se rexerá polas bases aprobadas polo acordo 17/17 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 13-1-2021, e modificadas polo acordo 9/302 da Xunta de Goberno Local do 1-6-2022 e, acordo 4/9 da Xunta de Goberno Local do 11-01-2023.

#### **1.- OBXECTO DO PRESENTE CONCURSO**

É obxecto deste concurso a provisión dos postos de traballo, mencionados no anexo destas bases, entre os/as empregados/as públicos/as do Concello de Lugo, con praza en propiedade, excepto aqueles/as que ocupen un posto con carácter definitivo se non transcorreran dous anos dende a súa provisión. No suposto do persoal funcionario de novo ingreso é requisito necesario para poder participar neste concurso, en todo caso, unha antigüidade mínima de dous anos dende o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

O/a empregado/a público/a que estea en adscrición provisional está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos pola orde de prioridade que estableza na solicitud de participación. O incumprimento desta obriga determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

#### **2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria coa prelación de postos dirixiranse ao Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, acompañadas da acreditación documental dos méritos para xuntar e presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada deste, ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, durante un prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cada un/ha dos/as empregados/as participantes poderá solicitar todos os postos convocados para os que reúna as condicións e requisitos sinalados, expresando a orde de preferencia de cada posto de traballo e indicando a tal fin a denominación co que figuren estes.

Os requisitos determinados na convocatoria deberán reunirse na data que termine o prazo de presentación de solicitudes de participación.

Só se poderá desistir da petición de tomar parte no concurso antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

#### **3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO**

A) Ser funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente á escala, subescala e grupo establecida no anexo I.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar, sen ter transcorrido o prazo legal obrigatorio de permanencia de dous anos.

#### **4.- BAREMO DE MÉRITOS**

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando estas reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instancias para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

**4.1.- Antigüidade:** valorarase cun máximo de **4 puntos**, tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración Pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais
- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

**4.2.- Grao persoal consolidado:** valorarase cun máximo de **2 puntos** o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuír un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos
- por posuír un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos
- por posuír un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos
- por posuír un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

**4.3.- Traballo desempeñado:** valorarase cun máximo de **2,25 puntos** segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos
- un nivel inferior: 2,14 puntos
- dous niveis inferiores: 2,03 puntos
- tres niveis inferiores: 1,92 puntos
- catro niveis inferiores: 1,81 puntos
- cinco niveis: 1,70 puntos
- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos/ás funcionarios/as en comisión de servizos valoraráselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe.

Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

**4.4.- Permanencia no posto de traballo:** valorarase cun máximo de **0,75 puntos** a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos
- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos
- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

**4.5.- Méritos académicos:** valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de **3 puntos** de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

**4.6.- Coñecemento da lingua galega:** valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de **1 punto**, a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos

- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

**4.7.- Outras titulacións:** valorarase cun máximo de **2 puntos** calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concursa relacionadas co posto ao que se concursa.

- bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- ciclo superior: 1,00 punto
- título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

**4.8.- Conciliación da vida persoal e familiar:** valorarase ata un máximo de **1 punto** polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos
- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo: copia do libro de familia ou resolución xudicial
- coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.

Para o caso de empate na valoración, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

Primeiro.- A maior antigüidade ao servizo da Administración.

Segundo.- A maior antigüidade no posto dende o que se concursa.

Terceiro.- A data de ingreso como funcionario/a de carreira e na subescala na que se concursa.

Cuarto.- Sorteio público.

## 5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Cualificarán os méritos dos/as concursantes, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha Comisión de Valoración composta por:

Presidente/a: don Pedro Felipe Pedrouzo Devesa, xefe do Servizo de contratación e patrimonio do Concello de Lugo.

- Suplente: don Pedro Fernández Agustí, xefe de Servizo de control financeiro do Concello de Lugo.

Vogais:

Dona Isabel Varela López, xefa de sección de Mobilidade urbana e sancións do Concello de Lugo.

- Suplente: dona Carolina Álvarez López, xefa de sección de Administración municipal do Concello de Lugo.

Don Juan Ignacio San Ildefonso Ladrero, técnico medio de xestión do Servizo de Persoal Concello de Lugo.

- Suplente: Dona dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, xefa do Servizo de fiscalización previa do Concello de Lugo

Don César Castiñeira Muiña, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Lugo

- Suplente: Isabel Villamor Cabado, xefa do Servizo de Desenvolvemento local do Concello de Lugo.

Secretaría:

Dona Ana Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo.

- Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez. Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

## 6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

O resultado da avaliación dos méritos e a adxudicación provisional exporase ó público no Taboleiro de Anuncios nunha relación que conterá a totalidade do persoal concursante, ordenada de maior a menor puntuación total, con expresión do posto de traballo adxudicado, se é o caso. Concederase un prazo de dez días hábiles para que formulen as reclamacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

**7.- TOMA DE POSESIÓN**

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente, a Comisión resolverá as reclamacións que se presentasen e formulará a proposta de adxudicación dos postos convocados, remitíndoa á autoridade convocante para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios, mediante resolución motivada.

Na resolución de adxudicación do concurso indicarse a data na que deberá efectuarse o cesamento no actual posto de traballo e a toma de posesión do destino adxudicado, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas.

**8.- RECURSOS**

Estas bases son definitivas en vía administrativa e contra estas pode interpoñerse, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, os seguintes recursos:

a) Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Transcorrido un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que se teña resolto, poderá entenderse desestimado, e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poda exercitarse calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

**9.- PUBLICACIÓN**

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, páxina web e sede electrónica do concello de Lugo..

Lugo, 11 de xuño de 2026.- A Excm. Sra. alcaldesa presidenta, María Elena Candia López. A xefa de sección de Organización e Recursos Humanos, Eva María Seoane Cazón.

**ANEXO I****ACTAS**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
02/32	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL	A.X.	AUX.	C	C2	16

**PREVENCIÓN**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
07/32	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**PERSOAL**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
06/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
06/32/3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
06/32/5	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**ARQUITECTURA**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
23/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
23/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**LICENZAS**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
22/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
22/32/5	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**MEDIO AMBIENTE**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
25/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
25/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**ENXEÑERÍA**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
31/32	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**SECCIÓN DE MEDIO RURAL**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
32/32	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**BENESTAR SOCIAL**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
41/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
41/32/3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**CENTRO CONVIVENCIA FINGOI**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
4101/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**CENTRO CONVIVENCIA UXÍO NOVONEIRA**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
4101/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**UNIDADE TRABALLO SOCIAL AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
4101/32/3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**CENTRO CONVIVENCIA MARUJA MALLO**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
4101/32/6	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**CENTRO CONVIVENCIA MARÍA BALTEIRA**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
4101/32/7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**BIBLIOTECA MUNICIPAL**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
5102/32	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**ARQUIVO**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
5104/32	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**INTERVENCIÓN**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
61/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**TESOURERÍA**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
62/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
62/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
62/32/3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**CONTABILIDADE**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
64/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**FACENDA LOCAL**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
65/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
65/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
65/32/4	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
65/32/6	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**AUGAS**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
66/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
66/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
66/32/4	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**REXISTRO**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
720101/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**ESTADÍSTICA**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
720102/32/4	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
720102/32/5	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
720102/32/6	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
720102/32/7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**CEMITERIO**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
720103/32/2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
720103/32/3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

**PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	CD
7203/32/1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	A.X.	AUX.	C	C2	16

R. 1718

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

O Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria celebrada o día 08 de xuño do 2026, adoptou entre outros o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o nomeamento como RUA PARQUE DOS CONDES, o novo vial que vai dende a rúa Cardenal ao Paseo do río (zona D) .

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por vinte días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.

Monforte de Lemos, 23 de xuño de 2026.- A 1.ª tenente alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1703

**RIBADEO***Anuncio***CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO CONDUCTORES VEHÍCULOS MUNICIPAIS 2026. CREACIÓN BOLSA EMPREGO PARA CONTRATACIÓN TEMPORAIS.**

Por medio do Decreto de Alcaldía 2026-0964 apróbanse as bases específicas para a realización do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para chóferes de vehículos municipais e a cobertura temporal dos seguintes postos polas causas establecidas no Estatuto dos Traballadores:

- 0131/2: Chófer desbrozadora
- 1031/3 Chófer rozadora
- 0716/U Conductor mecánico vehículo

- 0711/U Oficial Conductor
- 0712/U Conductor recollida enseres

Lugar e prazo da presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, debendo seguirse, en todo caso, o modelo de solicitude que aparece recollido no Anexo I das bases reguladoras. O prazo de presentación será de 10 días naturais que comenzarán a contar a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas e todos os actos relativos ao proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ribadeo ( <https://ribadeo.sedelectronica.gal/info.3> )

Ribadeo, 23 de xuño de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1719

## O VALADOURO

### *Anuncio*

#### **SUBASTA**

O Concello de O Valadouro por Resolución da Alcaldía número 2026-0332, de data 16 de xuño de 2026, aprobou o alleamento, mediante procedemento de subasta pública, do seguinte ben patrimonial:

1. Máquina niveladora refinadora fixa de cuello cisne.
2. Peso: entre 3600 e 3900 kg.
3. Altura: entre 900 e 950 mm.
4. Ancho: 3000 mm.
5. Ancho de ripper: entre 2000 e 2500 mm.
6. Posicións de traballo:
  - Xiro de coitela horizontal mín. 30 grados
  - Xiro de coitela vertical mín. 25 grados
  - Elevación de rodas traseiras mín. 600 mm.
7. Elevación coitela en traslado: mín. 550 mm.
8. Xiro hidráulico en enganche.
9. Ripper con botella hidráulica para regular.
10. Medidas rodas traseiras: 4-10.0/75-15.3.
11. Elevación rodas traseiras independente con botella hidráulica.
12. Elevación rodas traseiras simultánea con botella hidráulica.
13. Rodete vibrador para tripuntal:
  - Con desplazador hidráulico
  - Caudal hidráulico entre 75l/min e 90l/min
  - Forza dinámica entre 6400 KN e 6600 KN
14. Instalación de mando Joystick con dúas saídas dobre efecto (instalación incluída)

Tipo mínimo de licitación: 25.740,00 euros sen IVE. (segundo informe de tasación)

O procedemento rexerese polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para o efecto e polos artigos 112 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais e que permanecerá publicado xunto co informe técnico na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de O Valadouro.

As proposicións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de O Valadouro ou a través da súa sede electrónica, no prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A apertura pública de ofertas terá lugar no Salón de Plenos do Concello de O Valadouro, ó quinto día hábil contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, ás 12:00 horas, agás modificación publicada con antelación.

O Valadouro, 16 de xuño de 2026.- O alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1654

## FUNDACIÓN TERREO

### Anuncio

Aprobada por Resolución de Presidencia núm. 2026/084, de data 23 de xuño de 2026, expónse ao público a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión de dúas (2) prazas de operarios/as de servizos da Fundación “TerrEo”:

#### “RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2026/084

En A Ribeira de Piquín, a 23 de xuño de 2026.

**Asunto:** Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo de dúas prazas de operarios/as de servizos, da Oferta de Emprego Público do ano 2025.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.**

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025, aprobada por esta Fundación por Resolución de Presidencia núm. 2025/008, de data 28 de xaneiro de 2025, e publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025, e no DOG núm. 66, de data 04/04/2025, para cubrir as seguintes prazas:

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Técnico de proxectos	Persoal fixo
2	Oficial de primeira acuicultura	Persoal fixo
2	Operario de servizos	Persoal fixo

Vista a publicación da convocatoria de dito proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 65, de data 21 de marzo de 2026, así como a publicación dun extracto do proceso no Diario Oficial de Galicia núm. 60, de data 31 de marzo de 2026, e no Boletín Oficial do Estado núm. 82, de data 3 de abril de 2026.

Analizadas as solicitudes presentadas e considerando que todas compren cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

#### LISTA DE ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO GALEGO
1	Vilarín Díaz, Antonio	***4104**	SÍ
2	López García, Roberto	***5041**	SÍ

#### LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: D. Miguel Fernández Labrada, Técnico de Proxectos da Fundación “TerrEo” (Lugo).

Suplente: Dna. Sandra Teijeira López, Posto Base do Subgrupo A2 do Servizo Territorial do FOGGA de Lugo.

Secretaria: Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Tella Mazoy, Secretaria-Interventora da Fundación “TerrEo” (Lugo).

Suplente: Dna. Eva María Pérez Pita, Administrativa do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vogal: Dna. Andrea Pasarín Marey, Administrativa do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

*Suplente: Dna. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Riotorto (Lugo).*

*Vogal: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).*

*Suplente: D. David Criado Taboada, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Agolada (Pontevedra) e Santiso (A Coruña).*

*Vogal: D. Ruben López Felipe, Operario de Servizos-Fontaneiro do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).*

*Suplente: D. Alberto Carlos Pardo Fernández, Operario de Servizos Múltiples do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).*

*Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 7 de xullo de 2026, ás 9:30 horas na Sede da Fundación "TerrEo" aos efectos de valorar os méritos das persoas candidatas que figuran na listaxe definitiva de admitidos.*

*Así mesmo, convocar ao Tribunal Cualificador para os días 13 e 17 de xullo de 2026 ás 9:15 horas, na Sede da Fundación "TerrEo", aos efectos da realización e valoración dos exercicios da fase de oposición, primeiro exercicio de carácter teórico e segundo exercicio de carácter práctico, respectivamente.*

**TERCEIRO.-** *Convocar aos aspirantes incluídos na lista definitiva de admitidos que acreditasen o coñecemento do idioma galego, para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, obrigatorio e eliminatorio, o cal terá lugar na Sede da Fundación "TerrEo" (O Chao de Pousadoiro, s/n), ás 9:30 horas do día 13 de xullo de 2026, e que consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 25 preguntas, con 4 respostas alternativas, proposto polo Tribunal e relacionadas co contido do programa que figura no Anexo I das bases, nun tempo máximo de 45 minutos.*

**CUARTO.-** *Convocar aos aspirantes que superasen o primeiro exercicio da fase de oposición á realización do segundo, de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio, o cal terá lugar na Nave de obras e servizos do Concello de A Ribeira de Piquín, ás 9:30 horas do día 17 de xullo de 2026. Consistirá na realización de dúas probas prácticas propostas polo Tribunal e que tratarán sobre as actividades propias a desempeñar, en relación ao temario específico do Anexo I das bases. O tempo de realización deste exercicio non superará os 20 minutos.*

**QUINTO.-** *Publicar a presente resolución íntegra no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de A Ribeira de Piquín ([www.ribeiradepiquin.es](http://www.ribeiradepiquin.es)), así como no Taboleiro de Anuncios da Fundación "TerrEo".*

**SEXTO.-** *Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal "TerrEo" na próxima sesión ordinaria que se celebre."*

A Ribeira de Piquín, 25 de xuño de 2026.- O presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1720

### Anuncio

Aprobada por Resolución de Presidencia núm. 2026/085, de data 23 de xuño de 2026, expónse ao público a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión de dúas (2) prazas de oficiais de primeira acuicultura da Fundación "TerrEo":

#### **"RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2026/085**

*En A Ribeira de Piquín, a 23 de xuño de 2026.*

**Asunto:** *Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo de dúas (2) prazas de oficiais de primeira acuicultura, da Oferta de Emprego Público para o ano 2025.*

#### **DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL "TERREO".**

*Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025, aprobada por esta Fundación por Resolución de Presidencia núm. 2025/008, de data 28 de xaneiro de 2025, e publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025, e no DOG núm. 66, de data 04/04/2025, para cubrir as seguintes prazas:*

<b>Núm. vacantes</b>	<b>Denominación</b>	<b>Tipo de persoal</b>
1	Técnico de proxectos	Persoal fixo
2	Oficial de primeira acuicultura	Persoal fixo
2	Operario de servizos	Persoal fixo

Vista a publicación das bases da convocatoria de dito proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 65, de data 21 de marzo de 2026, así como a publicación dun extracto do proceso no Diario Oficial de Galicia núm. 60, de data 31 de marzo de 2026 e no Boletín Oficial do Estado núm. 82, de data 3 de abril de 2026.

Vista a Resolución de Presidencia núm. 60, de data 6 de maio de 2026, polo que se aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos de dito proceso selectivo, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para a emenda de documentación polas persoas candidatas excluídas.

Rematado o prazo de emenda e analizada a documentación presentada polas persoas candidatas excluídas, tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

**LISTA DE ADMITIDOS:**

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO GALEGO	OBSERVACIÓNS (NON EXCLUÍNTE)*
1	García García, José	***46**7T	NON	NON APORTA A ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
2	García García, Julio	***46**8R	SÍ	
3	Sobrado Torres, Martín	***84**7E	SÍ	NON APORTA CONTRATOS DE TRABAJO
4	Pazos Díez, Mauro	***93**4H	SÍ	

**LISTA DE EXCLUÍDOS:**

Ninguén.

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: D. Miguel Fernández Labrada, Técnico de Proxectos da Fundación "TerrEo" (Lugo).

Suplente: Dna. Sandra Teijeira López, Posto Base do Subgrupo A2 do Servizo Territorial do FOGGA de Lugo.

Secretaria: Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Tella Mazoy, Secretaria-Interventora da Fundación "TerrEo" (Lugo).

Suplente: Dna. Eva María Pérez Pita, Administrativa do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vogal: Dna. Andrea Pasarín Marey, Administrativa do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Suplente: Dna. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Riotorto (Lugo).

Vogal: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Suplente: D. David Criado Taboada, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Agolada (Pontevedra) e Santiso (A Coruña).

Vogal: D. Ruben López Felipe, Operario de Servizos-Fontaneiro do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Suplente: D. Alberto Carlos Pardo Fernández, Operario de Servizos Múltiples do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 7 de xullo de 2026, ás 12:00 horas na Sede da Fundación "TerrEo", aos efectos de valorar os méritos das persoas candidatas que figuran na listaxe definitiva de admitidos.

Así mesmo, convocar ao Tribunal Cualificador para o día 13 de xullo de 2026 ás 11:45 horas, na Sede da Fundación "TerrEo", aos efectos da realización e valoración da proba de galego e do primeiro exercicio de carácter teórico da fase de oposición.

Da mesma maneira, convocar ao Tribunal Cualificador para o día 17 de xullo de 2026 ás 12:00 horas, na Piscifactoría de Santalla, aos efectos da realización e valoración do segundo exercicio de carácter práctico da fase de oposición.

**TERCEIRO.-** Convocar aos aspirantes incluídos na lista definitiva de admitidos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 12:00 horas do día 13 de xullo de 2026, na Sede da Fundación "TerrEo" (O Chao de Pousadoiro, s/n).

---

**CUARTO.-** Convocar aos aspirantes incluídos na lista definitiva de admitidos que acreditasen o coñecemento do idioma galego, para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, obrigatorio e eliminatorio, o cal terá lugar na Sede da Fundación “TerrEo” ás 12:30 horas do día 13 de xullo de 2026, e que consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 25 preguntas, con 4 respostas alternativas, proposto polo Tribunal e relacionadas co contido do programa que figura no Anexo I das bases, nun tempo máximo de 45 minutos.

**QUINTO.-** Convocar aos aspirantes que superasen o primeiro exercicio da fase de oposición á realización do segundo, de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio, o cal terá lugar na Piscifactoría de Santalla (A Ribeira de Piquín, Lugo), ás 12:30 horas do día 17 de xullo de 2026. Consistirá na realización de dúas probas prácticas propostas polo Tribunal e que tratarán sobre as actividades propias a desempeñar, en relación ao temario específico do Anexo I das bases. O tempo de realización deste exercicio non superará os 20 minutos.

**SEXTO.-** Publicar a presente resolución íntegra no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de A Ribeira de Piquín ([www.ribeiradepiquin.es](http://www.ribeiradepiquin.es)), así como no Taboleiro de Anuncios da Fundación “TerrEo”.

**SÉTIMO.-** Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal “TerrEo” na próxima sesión ordinaria que se celebre.”

A Ribeira de Piquín, 25 de xuño de 2026.- O presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1721

---